

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais contados a partir do seguinte á data de publicación.

A Pobra de San Xiao (Láncara), 18 de xuño de 2018.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1729

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

CONVOCATORIA DE PROCEDEMENTO SELECTIVO POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE DIPLOMADO/ TECNICO EN TURISMO A MEDIA XORNADA.

Por resolución da alcaldía de data 14 de xuño de 2018 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de CINCO (5) días naturais dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ben por fax (982404812) o por outro medio a este Concello.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, a 18 de xuño do 2018.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 1717

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Aprobado inicialmente por Decreto da Alcaldía, de data 22 de maio de 2018, o proxecto de urbanización do polígono 1 do sector 8ª fase do parque empresarial de Outeiro de Rei, presentado pola empresa Ingapan S.L.U.

En cumprimento do previsto no artigo 226 do decreto 143/2016 polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia, sometese o expediente a información pública no prazo dun mes, contado a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal se poderá consultar nas oficinas municipais do departamento de urbanismo en horario de 10 a 2 e formular as alegacións e observacións que se consideren procedentes en escrito dirixido a Alcaldía.

Outeiro de Rei, 12 de xuño de 2018.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 1668

O PÁRAMO

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL

De conformidade co disposto na Resolución da Alcaldía de 18 de xuño de 2018, faise pública convocatoria para a selección de persoal laboral temporal para prevención e defensa contra incendios forestais, para a tempada 2018, no marco do Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de O Páramo, mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural no marco do PDR Galicia 2014-2020:

Un xefe de brigada

Un peón condutor

Tres peóns

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: no Rexistro do Concello de O Páramo en horario de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres, ou por calquera dos medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Cando as solicitudes se presenten fora do Rexistro do Concello, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir